



**XUNTA
DE GALICIA**

INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA DAVID BUJÁN



IES David Buján
Ca**m**bre

Proxecto lingüístico de centro 2023/2027

Anexo I

Establecemento de criterios comúns nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá relativos á avaliación e terminoloxía

Documento elaborado polos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá coa participación dos demais departamentos de linguas no apartado terminolóxico

IES David Buján
Xuño 2023

1. Criterios xerais de avaliación compartidos polos departamentos de linguas

Sen entrar nos criterios concretos de cualificación de cada departamento, hai acordo en darlle máis relevancia aos seguintes aspectos, que resumen o esencial do que consideramos máis importante á hora de enfocar o traballo que se debe realizar nas clases de linguas (en particular, de Galego e Castelán, pero en aspectos terminolóxicos, tamén de Inglés, Francés, Latín e Grego):

a) Os contidos gramaticais deben servir para a aplicación práctica: lectura, escritura, comprensión. Máis que á análise gramatical, os coñecementos teóricos aplicaranse á produción e comprensión de textos orais e escritos.

b) Os contidos de literatura terán ese mesmo enfoque práctico e empregaranse no comentario de textos e na creación literaria.

c) A expresión escrita será moi importante, pero daráselle una consideración especial á oralidade, facendo todo tipo de exercicios encamiñados a mellorar a expresión oral (discurso, xestualidade, ton, adecuación ao contexto, etc.).

d) A aplicación das novas tecnoloxías á lingua e á literatura será outro criterio ou obxectivo básico e abranguerá desde a busca de información ata a presentación de traballos nos distintos soportes dixitais.

2. Terminoloxía

Estamos de acordo en unificar —ata onde sexa posible e tendo en conta a diversidade presente nos libros de texto e noutros materiais didácticos— a terminoloxía gramatical básica, sen facer dela o centro da clase de lingua. Aquí achegamos un listado de termos provisional, que se poderá actualizar cando sexa preciso:

a) A palabra e os seus compoñentes:

- PALABRA, MORFEMA, LEXEMA (evitando outros conceptos, como RAÍZ, DESINENCIAS, AFIXO, INFIXO, INTERFIXO, etc.). PALABRAS SIMPLES, COMPOSTAS, DERIVADAS E PARASINTÉTICAS.

b) Clasificación das palabras (tipos de palabras ou categorías gramaticais):

- NOMENCLATURA DOS TIPOS DE PALABRAS: SUBSTANTIVO, ADXECTIVO CUALIFICATIVO, ADXECTIVO DETERMINATIVO, PRONOME, VERBO, ADVERBIO, PREPOSICIÓN, CONXUNCIÓN, LOCUCIÓN CONXUNTIVA E PREPOSITIVA, INTERXECCIÓN.
- TERMINOLOXÍA VERBAL: TRADICIONAL.

c) Unidades sintácticas:

- SINTAGMA NOMINAL, ADXECTIVAL, ADVERBIAL e PREPOSICIONAL. ORACIÓN SIMPLE E COMPOSTA. ORACIÓN SUBORDINADA OU COORDINADA (evitando PROPOSICIÓN). ORACIÓNS ADVERBIAIS IMPROPIAS, incluíndo CAUSAIS, CONSECUTIVAS, CONDICIONAIS, COMPARATIVAS, CONCESIVAS e FINAIS.

c) Funcións sintácticas:

- SUXEITO, PREDICADO, CD, CI, CC, ATRIBUTO, PREDICATIVO, COMPLEMENTO AXENTE e SUPLEMENTO.

d) Gramática do texto:

- ELEMENTOS DE COHESIÓN: ELIPSE, ANÁFORA, REPETICIÓN SINONÍMICA e HIPERONÍMICA, CONECTORES.